



## DOCUSERIE “O MAR EN RIANXO”

- **Descrición xeral do proxecto:**

O proxecto "O mar en Rianxo" consiste na realización dunha mini docuserie de varios capítulos, de duración inferior a 5 minutos cada un, no que se tratarán diversos temas relacionados co mar en/e Rianxo. A docuserie será gravada integramente en lingua galega, e será levada a cabo polos estudantes do centro IES Félix Muriel.

- **Obxectivos específicos:**

- Fomentar o uso do idioma en situacións comunicativas reais, desenvolver habilidades de expresión oral e escrita, e aprender a utilizar a linguaxe audiovisual.
- Fomentar a creatividade e a innovación, desenvolver habilidades para utilizar ferramentas tecnolóxicas de gravación, edición e montaxe de audio e vídeo, e aprender a traballar en equipo.
- Fomentar a curiosidade polo mundo natural, desenvolver habilidades para investigar e recompilar información sobre o ecosistema mariño, e aprender sobre a importancia da conservación do medio ambiente.
- Coñecer a historia de Rianxo, as súas tradicións e a súa relación co mar, e comprender a influencia dos factores xeográficos na vida dos seus habitantes.
- Desenvolver habilidades creativas para a elaboración de material audiovisual, e fomentar a apreciación da arte cinematográfica e audiovisual.
- Fomentar valores como o respecto e a responsabilidade no coidado do medio ambiente, e comprender a importancia da colaboración e o traballo en equipo na consecución de obxectivos comúns.

- **Obxectivos de etapa relacionados...** do Decreto 156/2022 e 157/2022

Este proxecto estará ou poderá estar ligado a case tódolos obxectivos de etapa recollidos no Decreto 156/2022 da ESO ou no Decreto 157/2022 do bacharelato, sen embargo, os obxectivos de etapa máis estreitamente relacionados co proxecto pola natureza do mesmo son:



a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

- **Departamentos didácticos, equipos docentes e materias participantes:**

Este proxecto interdisciplinario convida a participar a todos os departamentos, equipos docentes e materias, e deberán mostrar a súa vontade de participación no proxecto a principios de curso. Coa colaboración de todos os departamentos, búscase unha educación integral, que permita aos estudantes adquirir coñecementos e habilidades nas distintas áreas do saber.



- **Cursos:**

O proxecto poderá contar coa colaboración de calquera dos cursos impartidos no centro IES Félix Muriel, é dicir, todos os niveis de Educación Secundaria Obrigatoria, os dous niveis do Bacharelato e por suposto tamén os dous niveis do Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

- **Produto final obtido:**

O produto final obtido será unha mini docuserie de varios capítulos, de duración inferior a 5 minutos cada un, que reflectirán a investigación e o traballo realizado polos estudantes do centro en torno ao mar e a Rianxo. A docuserie incluírá imaxes e sons gravados na contorna natural e social de Rianxo, entrevistas con persoas locais e expertos en diversos temas relacionados co mar, unha banda sonora elaborada polos estudantes, etc... A docuserie será un produto audiovisual de alta calidade, que reflectirá o esforzo e o compromiso dos estudantes na elaboración do proxecto.

- **Difusión do proxecto:**

A difusión do proxecto levarase a cabo a través dunha feira expositiva no centro educativo, que estará aberta ao público en xeral. A feira contará co apoio do concello e a oficina de turismo de Rianxo, e nela mostraranse os diferentes produtos e traballos realizados polos estudantes dos distintos departamentos e materias implicados no proxecto. Ademais, proxectarase a docuserie completa e realizarase unha presentación pública do proxecto por parte dos estudantes implicados e os profesores coordinadores do mesmo. A difusión do proxecto tamén levarase a cabo a través das redes sociais e medios de comunicación locais, co obxectivo de dar a coñecer o labor realizado polos estudantes e fomentar o interese por Rianxo e a súa contorna natural